



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN NACIONAL
DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS
(ANFACO-CECOPECA) NO MARCO DA INICIATIVA DE
DESENVOLVEMENTO DO SECTOR ACUÍCOLA E PESQUEIRO
ARTESANAL NA BAÍA DE SECHURA, PERÚ.**

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

(2) Antecedentes:

En febreiro de 2015 tivo lugar a sinatura dun Memorando de Entendemento Marco de Cooperación entre o Ministerio da Producción da República do Perú e a Xunta de Galicia, para colaborar na posta en marcha de proxectos e iniciativas de cooperación técnica, científica, tecnolóxica e de xestión, que deriven na mellora da xestión, produción e comercialización dos produtos pesqueiros e acuícolas, e que incrementen o desenvolvemento das poboacións costeiras, mediante a explotación racional e sostible dos recursos hidrobiolóxicos.

Tendo en conta todo o anterior, no ano 2018 encargouse á Fundación CETMAR a realización dunha Misión de Identificación no ámbito da pesca e acuicultura artesanal, na que participaran os diferentes axentes e actores con experiencia na zona e sector de intervención e no que se recolleran especificamente as demandas e necesidades de apoio técnico das institucións de goberno en Perú.



Para a realización deste proxecto, estase tramitando un Acordo Marco de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e a Fundación CETMAR, a Fundación Ayuda en Acción e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPESCA) para a posta en marcha dunha Iniciativa de Desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú. Para a realización das accións que se derivan deste proxecto tramitaranse convenios coas diferentes entidades involucradas, onde se establecerán os detalles das actividades a executar por cada organización, de maneira conxunta e coordinada, e se determinen as obrigas orzamentarias de cada parte. As accións relativas a colaboración de ANFACO-CECOPESCA son o obxecto desta memoria e do convenio que a acompaña.

ANFACO-CECOPESCA é unha asociación empresarial que aglutina a 254 empresas asociadas, das que 146 son galegas, que ten entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento. ANFACO-CECOPESCA atópase inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento na sección B, co número 6, dende o ano 2005.

ANFACO-CECOPESCA ten desenvolvido dende 2003 diferentes proxectos na zona e sector de intervención e conta con capacidade e experiencia para a execución das actuacións propostas.

(3) Finalidade

A finalidade do convenio que se acompaña é a contribuír ao desenvolvemento económico e social das comunidades costeiras da Baía de Sechura, departamento de Piura, Perú, incrementando a competitividade do sector a través do fortalecemento institucional e organizacional, a transferencia tecnolóxica e a sustentabilidade ambiental.

(4) Obxecto

O obxecto deste convenio é materializar a colaboración de ANFACO-CECOPESCA no proxecto que consistirá nas seguintes actividades:





Encargarase da realización de diferentes estudos e diagnósticos sobre melloras tecnolóxicas na produción de concha de abanico e da súa cadea produtiva, desembarcadoiros e residuos, cuxos resultados servirán de base para a definición de actuacións nos seguintes anos.

(5) A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención que cumpre coas prioridades sectoriais que recolle a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, así como a súa necesaria posta en marcha, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de cincuenta mil euros (50.000,00€), con seguinte desglose:

Aplicación	2019
05.26.331A.490.0.	49.551,20
05.26.331A.790.0.	448,80
Total	50.000,00

A ANFACO-CECOPECA aportará 10.600,00 € para a execución do proxecto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

